

	IES de Mugardos. Departamento de Educación Física		ESO 4º ESO 2016 - 2017
	MATERIA	Educación Física	
	PROFESOR/A	Dina Asensio Campazas	

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN

Condición física e saúde. Expresión corporal e ritmo.

2.ª AVALIACIÓN

Bádminton II. Voleibol II.

3.ª AVALIACIÓN

Baloncesto II. Orientación III.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude	30%. Normas cívicas e de clase, material, indumentaria, hixiene, etcétera.		
Conceptos	20%. Probas escritas, traballos, caderno, fichas, fotocopias, aula virtual.		
Procedementos	50%	Traballo diario (esfuerzo e habilidade)	40%
		Exames prácticos	10%

A avaliación será continua. Deberá superarse cada unha das partes (actitude, conceptos e procedementos) para facer a media ponderada.

A participación en actividades físicas organizadas no centro poderá ser valorada coa suma dun punto na nota da avaliación.

Por cada falta relacionada coa actitude restarase 0,25 puntos e por cada falta relacionada co traballo diario restarase 0,5 puntos na cualificación da avaliación (se as faltan chegan ao 40% das clases do trimestre a avaliación será cualificada como suspenso). Por cada día de retraso sobre a data establecida para a entrega de traballos, restarase 1 punto da nota.

No caso de ter que ir á convocatoria de setembro, contará 50% o exame teórico e 50% os exames prácticos.

Nas probas escritas descontaranse 0,05 por faltas leves (ex: tiles) e 0,1 por faltas máis graves.

No caso de detectar que se copia nos exames retirarase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Si.

Lecturas Obrigatorias/Recomendadas: recoméndase a lectura de prensa deportiva e de libros ou artigos relacionados coa educación física, a actividade física e a saúde.

TIC

- Uso da aula virtual. Uso de TIC para preparar e expoñer traballos.

PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/PROGRAMAS.

- Ruta de sendeirismo.
- Deporte escolar: orientación e outros.
- Actividades físicas nos recreos.